

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2023/G005/000045.

Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **Ordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércres**, día **18 de outubro de 2023, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 30 DE AGOSTO; 6, 13, 20 E 27 DE SETEMBRO; 4 DE OUTUBRO E A EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 14 DE SETEMBRO DE 2023.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

LICENZAS URBANÍSTICAS

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DE VIVENDAS, SITO NA RÚA ROI XORDO BLOQUES 1 E 5 (Exp. 2023/Y001/000104).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA A REORGANIZACIÓN DE DÚAS PARCELAS CON EDIFICACIÓNS EN SOLO CLASIFICADO COMO RÚSTICO, CON REFERENCIAS CATASTRAIS 27900A107000190000SL E 27900A107000230000ST NO LUGAR DE TORRÓN, PARROQUIA DE SANTALLA DE ESPERANTE (Exp. 2022/Y005/000007).

4. OUTORGAR A LICENZA URBANÍSTICA PARA MELLORAS DE ACCESIBILIDADE ENTRE A PLANTA TERCEIRA E CUARTA DO EDIFICIO DA RÚA BIDUEIRO, NÚMERO 15 (2023/Y001/000115).

5. LICENZA URBANÍSTICA SOLICITADA PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR VINCULADA A EXPLOTACIÓN AGROPECUARIA EN VARADAS, SANTA COMBA, QUE SE SITÚA EN SOLO CLASIFICADO COMO RÚSTICO DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5014240422235020876.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-10-2023

PROTECCIÓN AGROPECUARIA. (2020/Y001/000344).

FACENDA LOCAL

6. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA EXP. DENEGACIÓN LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUIR UNHA VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA NO NÚCLEO RURAL DE PEDRAFITA, PARROQUIA DE SANTA COMBA.

PLANEAMENTO

7. APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO G DE PARADAI.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

8. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA TENENTA DE ALCALDE DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA PARA A RESOLUCIÓN DE TODOS OS ACTOS DE TRÁMITE E RESOLUTIVOS EN RELACIÓN COA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CATRO CARROZAS EN RÉXIME DE ALUGUEIRA PARA A CABALGATA DE REIS MAGOS QUE SE CELEBRARÁ O 5 DE XANEIRO DE 2024 E DEMAIS CONTRATACIÓNS ADMINISTRATIVAS RELATIVAS ÁS CELEBRACIÓNS DE NADAL.

PERSOAL

9. NOMEAMENTO DOUS FUNCIONARIOS DE CARREIRA DO CONCELLO DE LUGO NAS PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, GRUPO C (SUBGRUPO C1); ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

10. ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, CIF Q2866001G, PARA O EXERCICIO DE 2023. APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO REGULADOR.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,